

**ACTA**

|                       |                          |
|-----------------------|--------------------------|
| <b>Expediente nº:</b> | <b>Órgano Colexiado:</b> |
| JGL/2026/9            | A Xunta de Goberno Local |

| <b>DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN</b> |                                        |
|---------------------------------------|----------------------------------------|
| <b>Tipo Convocatoria</b>              | Ordinaria                              |
| <b>Data</b>                           | 20 de febreiro de 2026                 |
| <b>Duración</b>                       | Dende as 13:40 ata as 13:57 horas      |
| <b>Lugar</b>                          | Sala de Reunións                       |
| <b>Presidida por</b>                  | Paula Mª Fernández Pena                |
| <b>Secretaria</b>                     | David García Lareo (Decreto 2026-0047) |
| <b>Interventor</b>                    | Leopoldo Moure Dopico                  |

| <b>ASISTENCIA A SESIÓN</b>      |               |
|---------------------------------|---------------|
| <b>Nome e Apelidos</b>          | <b>Asiste</b> |
| Estefanía Taín Surribas         | SÍ            |
| Manuel Requeijo Rey             | SÍ            |
| María Asunción García Hernández | SÍ            |
| Mónica González Conde           | SÍ            |

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

**A) PARTE RESOLUTIVA****Aprobación da acta da sesión anterior: 13.02.2026****Concello de Silleda**

Rúa Progreso, 41, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021

**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 13 de febreiro de 2026.

**Expediente 227/2026. CONVENIO MARCO COA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o escrito remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra en relación o “convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a execución do proxecto servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos”.

Visto que a Xunta de Goberno Local da Deputación provincial de Pontevedra, en sesión celebrada o 16 de xaneiro de 2026, aprobou o mencionado convenio.

Visto o texto do convenio que consta no expediente 227/2026.

Visto que por Decreto da Alcaldía 2026-0114, de data 09 de febreiro de 2026 acordouse:

*“1.- Aprobar o texto do convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a execución do proxecto servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos, e solicitar a adhesión o mesmo.*

*2.- Remitir esta resolución o Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra, xuntamente co Anexo II – Carta de Adhesión.*

*3.- Dar conta desta resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión que teña lugar.”*

Visto que mediante escrito con Rexistro de Entrada 2026-E-RE-214, de data 16 de febreiro de 2026, remítese pola Deputación Provincial de Pontevedra acordo da Xunta de Goberno, en sesión celebrada en data 13 de febreiro de 2026, no que se aproba unha modificación do “Convenio Marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a execución do proxecto servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos”.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

**Primeiro:** Ratificar o Decreto de Alcaldía n.º 2026-0114, de data 09 de febreiro de 2026, coa seguinte modificación, :

Onde di:

Na cláusula Décima. Vixencia, duración e prórroga do convenio

Este convenio terá unha vixencia con efectos desde a data 22 de febreiro de 2026 ata a finalización do contrato de subministro “implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos” con nº de expediente 2025064680, ata un máximo de 5 anos de conformidade co disposto no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

A tramitación, subscrición e efectos da prórroga que no seu caso se acorde efectuarase de acordo co previsto pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e co resto da normativa aplicable.

Debe dicir:

Este convenio terá unha vixencia con efectos desde a data 22 de febreiro de 2026 ata a finalización do contrato de subministro “implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos” con nº de expediente 2025064680, podendo prorrogarse ata un máximo de 5 anos de conformidade co disposto no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

A tramitación, subscrición e efectos da prórroga que no seu caso se acorde efectuarase de acordo co previsto pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e co resto da normativa aplicable.

**Segundo.-** Remitir este acordo o Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra.

**Expediente 1162/2025. CONVENIO DE COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE SILLEDA NO MARCO DO PROXECTO 'TOURIST INSIDE RÍAS BAIXAS – DESTINOS TURÍSTICOS INTELIXENTES'**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto que a Deputación de Pontevedra desenvolveu o proxecto Tourist Inside Rías Baixas – Destinos Turísticos Intelixentes.

Visto que o Concello de Silleda foi beneficiario das actuacións previstas en dito proxecto, ca instalación de equipamentos que figuran no ANEXO I que se incorpora ao presente acordo.

Visto que resulta necesario aprobar o correspondente convenio interadministrativo.

**Concello de Silleda**

E visto o disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

**Primeiro.**– Aprobar o Convenio de colaboración interadministrativo que a continuación se transcribe:

*“CONVENIO DE COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVO REGULADOR DE SUMINISTROS DE MATERIAL E SERVIZOS ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS ADHERIDOS A REDE DE O FICINAS INFO RIASBAIXAS - PROXECTO TOURIST INSIDE RÍAS BAIXAS – DESTINOS TURÍSTICOS INTELIXENTES, NO MARCO DO PLAN NACIONAL DE TERRITORIOS INTELIXENTES DA AXENDA DIXITAL PARA ESPAÑA*

#### **REUNIDOS**

*Dunha parte,*

*Ilmo. Sr. D. Luis López Diéguez , na súa condición de Presidente da Excma. Deputación de Pontevedra, CIF P3600000H, en virtude do acordo plenario do 10 de xullo de 2023, en virtude da competencia que lle confire o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*

*Doutra parte,*

*A Ilma. Sra. D<sup>a</sup>. Paula Fernández Pena , quen actúa en nome e representación do Concello de Silleda , en virtude da súa condición de alcaldesa presidenta da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; no artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; e no artigo 41.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.*

*Actúa como fedatario público deste convenio, D. Carlos Cuadrado Romay, secretario da Deputación de Pontevedra. As partes recoñécense capacidade xurídica suficiente para formalizar o presente convenio en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións entre as Administracións Públicas.*

#### **EXPOÑEN**

*Primeiro.- Que a Deputación de Pontevedra foi seleccionada por Red.es, entidade pública empresarial adscrita ao Ministerio competente en materia de dixitalización e sociedade da información, como beneficiaria da convocatoria do Plan Nacional de Territorios Intelixentes, correspondente ao Programa Operativo Plurirrexional de España FEDER 2014 -2020. Esta convocatoria ten por finalidade impulsar proxectos de transformación dixital orientados á mellora dos servizos públicos locais mediante a implantación de tecnoloxías innovadoras, infraestruturas intelixentes e solucións que favorezan a eficiencia,*

a sostibilidade e o uso avanzado da información.

*Segundo.- Que, ao abeiro desta convocatoria, a Deputación de Pontevedra desenvolveu o proxecto “Tourist Inside Rías Baixas”, unha iniciativa estratéxica dirixida a avanzar cara un modelo de Destino Turístico Intelixente (DTI) na provincia. O proxecto promove a interoperabilidade entre plataformas, a dixitalización dos puntos de atención turística, a mellora da accesibilidade universal, a apertura de datos, a integración de sensores e dispositivos, e a implantación de ferramentas de análise que permitan optimizar a toma de decisións baseada en información obxectiva. Todo isto en coherencia cos principios e estándares recollidos polo Comité Técnico de Normalización 178 de AENOR en materia de cidades intelixentes.*

*Terceiro.- Que a Rede de oficinas INFO RÍASBAIXAS, como sistema provincial de información turística, constitúe unha peza fundamental da estratexia DTI, ao concentrar os servizos de atención ao visitante e ao facilitar a difusión, homoxeneización e actualización permanente dos contidos turísticos.*

*Cuarto.- Que o Concello de Silleda ao contar cun Punto de información turístico adherido á Red e INFO RÍASBAIXAS segundo a súa Ordenanza Reguladora, cumpre os requisitos establecidos pola Deputación de Pontevedra para ser Plan Nacional de Territorios Intelixentes, correspondente ao Programa Operativo Plurirrexional de España FEDER 2014 -2020. Esta convocatoria ten por finalidade impulsar proxectos de transformación dixital orientados á mellora dos servizos públicos locais mediante a implantación de tecnoloxías innovadoras, infraestruturas intelixentes e beneficiario das actuacións previstas no marco do proxecto.*

*Ademais, o Concello manifestou o seu interese e disposición a colaborar activamente na iniciativa como parte da súa estratexia municipal de modernización dos servizos turísticos, mellora da accesibilidade, fortalecemento da promoción do destino e impulso da transformación dixital do territorio.*

*Quinto.- Que, con carácter previo á execución material das actuacións, técnicos da Deputación e da empresa adjudicataria realizaron un estudo completo de situacións, avaliando as condicións, a conectividade dispoñible, os espazos adecuados e as necesidades técnicas específicas. Froito deste proceso, formalizouse unha Acta de Replanteo/Acta de Compromiso, asinada por ambas partes, na que se validaron as ubicacións, requisitos e elementos que posteriormente serían instalados. Esta acta constitúe o documento técnico de referencia para a execución e para a trazabilidade exigida pola normativa europea.*

*Sexto.- Que, conforme ao previsto no proxecto e en virtude da citada acta técnica, as instalacións, equipamentos e solucións tecnolóxicas asignadas ao Concello de Silleda foron xa subministradas, despregadas e postas en funcionamento, estando plenamente operativas e integradas na Plataforma DTI da Deputación de Pontevedra. A dotación recibida inclúe os elementos inventariados e descritos no ANEXO I, que forman parte da documentación oficial da actuación cofinanciada polo FEDER .*

*Sétimo.- Que, segundo o artigo 3.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o seu Regulamento (RD 887/2006), as entregas a terceiros de bens adquiridos por unha administración pública con destino exclusivo á súa transferencia teñen a natureza de subvención en especie. Por tanto, o equipamento entregado ao Concello de Silleda constitúe subvención en especie, cuxo valor económico, características técnicas e requisitos de durabilidade quedan recollidos neste convenio e no seu anexo correspondente, en cumprimento da normativa FEDER e das exixencias establecidas pola autoridade de*

xestión e control.

Oitavo.- Que, unha vez executadas as actuacións materiais, resulta preciso formalizar este convenio interadministrativo, instrumento que permitirá regular:

- réxime de posta a disposición e uso dos bens instalados,
- período de garantía a cargo da empresa adxudicataria,
- as obrigas de mantemento e conservación atribuídas ás partes,
- as responsabilidades en caso de deterioro, roubo ou inutilización,
- réxime de acceso á Plataforma DTI, e o procedemento de transmisión da propiedade dos bens ao Concello transcorrido o prazo mínimo de cinco anos esixido pola normativa europea de durabilidade das operacións.

As partes consideran este convenio imprescindible para garantir unha correcta coordinación, asegurar o cumprimento dos requisitos FEDER e permitir a plena integración do Concello de Silleda no ecosistema dixital provincial impulsado polo proxecto Tourist Inside Rías Baixas.

Que sobre a base do exposto anteriormente, a Deputación de Pontevedra e o Concello, acordan subscribir o presente convenio de colaboración (en adiante, "o convenio") o obxecto de desenrolar as actuacións referidas anteriormente de acordo as seguintes cláusulas:

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA - OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto regular o réxime de posta a disposición, uso, mantemento, garantía e posterior transmisión da propiedade dos bens, equipamentos e solucións tecnolóxicas xa instalados no territorio do Concello de Silleda, no marco da iniciativa Tourist Inside Rías Baixas, impulsada pola Deputación de Pontevedra e cofinanciada polo Programa Operativo Plurirrexional de España FEDER 2014-2020.

A participación do Concello de Silleda neste convenio fundamentase na súa condición de entidade adherida á Rede provincial INFO RÍASBAIXAS, consonte ao establecido na Ordenanza reguladora do funcionamento da Rede Provincial INFO RÍAS BAIXAS, aprobada e publicada no BOPPO nº 72, do 13 de abril de 2022. Dita adscrición é requisito imprescindible para a integración do concello no sistema provincial de información turística e para a recepción da dotación tecnolóxica prevista no proxecto Tourist Inside Rías Baixas.

O equipamento instalado descrito no ANEXO I ten a consideración de subvención en especie, segundo o disposto no artigo 3.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; instrumentándose mediante este convenio interadministrativo ao abeiro do artigo 47.2.a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O obxecto do presente convenio abrangue así mesmo:

- a) A definición dos bens e solucións instaladas e a súa posta a disposición do Concello.
- b) As condicións de utilización e mantemento durante o período de garantía e durante o período de durabilidade FEDER.
- c) réxime de responsabilidade sobre os compoñentes instalados.
- d) acceso do Concello á Plataforma DTI provincial e ao sistema de xestión de contidos común.
- e) As condicións para a transmisión definitiva da propiedade transcorrido o prazo de cinco anos desde a súa instalación, de conformidade coa normativa europea aplicable.

*A relación detallada dos bens, solucións tecnolóxicas e elementos instalados forma parte inseparable deste convenio e recóllese no ANEXO I – Inventario final de equipamentos instalados , que terá carácter vinculante para ambas partes.*

#### **SEGUNDA - ACTUACIÓNS EXECUTADAS E ALCANCE DAS DOTACIÓNS INSTALADAS**

*1. Actuacións técnicas realizadas no marco do proxecto de desenvolvemento da iniciativa Tourist Inside Rías Baixas, e coa finalidade de integrar o Concello de Silleda por contar cun Punto de información adherido á Rede INFO RÍAS BAIXAS a Deputación de Pontevedra, a través da empresa adxudicataria, executou integramente as actuacións previstas, entre as que se inclúen:*

- a) *A análise técnica para avaliar espazos, infraestrutura eléctrica e de telecomunicacións, condicións de accesibilidade e necesidades tecnolóxicas.*
- b) *A realización de visitas de campo para verificar os espazos previstos e elaborar un replanteo técnico, culminando na sinatura da correspondente Acta de Replanteo/Acta de Compromiso, na que se validaron ubicacións, equipamentos e condicións de instalación.*
- c) *A subministración, instalación, configuración e posta en funcionamento de todos os compoñentes tecnolóxicos que forman parte do proxecto no Concello de Silleda, conforme ás especificacións establecidas pola Deputación e pola entidade pública Red.es.*
- d) *A configuración dos equipos e dispositivos para garantir a súa integración plena na Plataforma DTI provincial, asegurando a interoperabilidade, a sincronización cos contidos e a xestión centralizada dende o Servizo de Turismo Rías Baixas.*
- e) *A realización das probas de funcionamento, verificación de conectividade , comprobación de seguridade e validación final da operatividade dos equipamentos instalados.*
- f) *Así mesmo, tamén se dotou ao persoal informador turístico do Punto de información turística adherido á Rede INFO RÍAS BAIXAS de roles de acceso ao Xestor de contidos co fin de facilitar o inventario de recursos turísticos do municipio, e ao Customer Relationship Management (CRM) para a xestión de visitantes e do propio punto de información.*

g) Subministro e instalación da sinalización turística dixital mediante baliza s intelixentes de baixo consumo (beacons) en entornas de recursos turísticos destacables do municipio, para habilitar funcionalidades de interacción e información por proximidade cos turistas e residentes a través da App Móbil.

h) Subministro e instalación dun tótem interactivo exterior, co fin de ofrecer información sobre os atractivos turísticos, monitorizado e sincronizado dende o Xestor de Contidos do Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra.

## 2. Dotacións tecnolóxicas instaladas

Os bens instalados no Concello de Silleda, incluídos no ANEXO I, foron subministrados e despregados conforme ás especificacións técnicas do proxecto. O citado Anexo I forma parte indispensable deste convenio e identifica os equipos que quedan baixo responsabilidade do Concello durante o período de durabilidade e sixido pola normativa FEDER:

- Sistemas de interacción e sinalización dixital no territorio (beacons)
- Tótem interactivo exterior

Todos os elementos cumpren cos requisitos técnicos establecidos pola Deputación de Pontevedra, por Red.es e polas normas e recomendacións do Comité Técnico de Normalización 178 de AENOR en materia de cidades e destinos intelixentes.

## 3. Actuacións de capacitación

En execución do proxecto Tourist Inside Rías Baixas, a Deputación de Pontevedra levou a cabo accións de capacitación técnica dirixidas ao persoal municipal responsable do Punto de información turística do Concello de Silleda, co obxecto de garantir a operatividade e o aproveitamento adecuado dos bens instalados.

A formación incluíu contidos relativos a:

- uso e mantemento básico dos equipos instalados,
- funcionamento dos sistemas de información turística dixital,
- a xestión dos contidos a través da Plataforma DTI provincial,
- acceso aos cadros de mando do CMS e CRM,
- e as obrigas en materia de durabilidade, publicidade e seguimento FEDER.

De acordo cos rexistros de convocatoria e/ou asistencia na formación, facilitouse acceso aos seguintes usuarios do Concello de Silleda :

- Usuario: oficina\_silleda
- Correspondencia co email e rol asignado a: [info@silleda.gal](mailto:info@silleda.gal)
- Cargo / función: Persoal informador turístico do Punto de información turística de Silleda

A Deputación de Pontevedra a través do Servizo de Turismo Rías Baixas facilita ao Concello, e deixa permanentemente ao seu dispor no CRM do Servizo de Turismo , as instrucións de traballo, técnicas e de

uso dos equipos despregados. Así mesmo, tamén se inclúe un procedemento para a resolución de incidencias co fin de asegurar a continuidade operativa.

O Concello comprométese a custodiar e empregar estes materiais para fins estritamente ao proxecto e á Rede INFO RÍASBAIXAS.

#### *4. Actuacións de difusión, xestión e seguimento*

A Deputación de Pontevedra realizou tamén as actuacións necesarias para cumprir coa normativa FEDER en materia de comunicación, publicidade, xestión e control, incluíndo:

- A elaboración de materiais informativos, carteis, elementos de visibilidade e demais soportes exixidos polo Regulamento (UE) nº 1303/2013 para a difusión da cofinanciación europea.
- seguimento técnico e documental das actuacións realizadas, tanto no proceso de execución como na fase de implantación efectiva no concello.
- A inspección e auditoría interna do funcionamento dos compoñentes instalados, a fin de verificar o cumprimento dos estándares do proxecto e a correcta integración na Plataforma DTI.
- A actualización, cando procede, da información necesaria para a xustificación da subvención en especie perante Red.es e a autoridade de xestión dos fondos FEDER.

#### *5. Alcance da posta a disposición*

O conxunto das dotacións instaladas queda posto a disposición do Concello de Silleda para o desenvolvemento das funcións propias do Punto de información adherido á Rede INFO RÍAS BAIXAS e ao seu territorio, debendo destinarse exclusivamente aos fins do proxecto Tourist Inside Rías Baixas e do servizo público turístico.

#### *6. Limitacións ao uso e modificación dos equipos*

O concello comprométese expresamente a:

- Non alterar a ubicación, configuración ou destino dos equipos sen autorización previa da Deputación.
- Non integrar os equipamentos en sistemas alleos á Plataforma DTI sen autorización expresa.
- Comunicar inmediatamente calquera incidencia relevante que afecte ao funcionamento, seguridade ou integridade dos compoñentes.

### **TERCEIRA - OBRIGAS E DE REITOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**

Obrigas da Deputación de Pontevedra:

1) Garantir a adecuada execución previa do proxecto, certificando que os bens e solucións tecnolóxicas instalados no Concello de Silleda foron subministrados, configurados e despregados conforme ás especificacións técnicas establecidas no contrato provincial e ao recollido na Acta de Replanteo/Acta de Compromiso asinada entre ambas partes.

2) Facilitar ao Concello toda a información técnica necesaria, incluíndo manuais, documentación,

*características de configuración, requisitos de funcionamento e demais elementos imprescindibles para a correcta utilización dos equipos.*

*3) Asumir, a través da empresa adxudicataria, o mantemento correctivo durante o período de garantía, que abrangue a reparación ou substitución de elementos defectuosos por fallos de orixe, así como o soporte técnico necesario para garantir a operatividade dos compoñentes instalados.*

*4) Velar polo correcto funcionamento dos elementos integrados na Plataforma DTI provincial, garantindo a súa sincronización, acceso aos cadros de mando, interoperabilidade cos sistemas de información turística e adecuada explotación dos datos.*

*5) Facilitar ao Concello os roles de acceso correspondentes á Plataforma DTI, en función das funcións do persoal municipal designado, garantindo que poida xestionar os contidos, consultar estatísticas, administrar datos e supervisar os elementos instalados.*

*6) Realizar accións de seguimento técnico e documental, tanto durante o período de garantía como durante o período de durabilidade FEDER, asegurando o cumprimento das obrigas europeas en materia de trazabilidade, publicidade, control e conservación dos bens.*

*7) Coordinar as actuacións de comunicación e publicidade FEDER, asegurando a correcta instalación dos carteis, placas e elementos de visibilidade obrigatoria, e velando polo cumprimento do Regulamento (UE) nº 1303/2013 en materia de información e comunicación.*

*8) Prestar asistencia técnica ao Concello en caso de incidencias relevantes relacionadas co funcionamento ou integración dos equipos, cando resulte necesario e dentro das competencias atribuídas á Deputación. Así como facilitar formación ao persoal informador cando se considere necesario.*

*9) Custodiar e conservar o expediente técnico e administrativo completo asociado ao Concello, garantindo a trazabilidade documental esixida por Red.es e pola normativa europea.*

*10) Emitir as certificacións que resulten necesarias para a xustificación da actuación perante Red.es, así como para a formalización da transmisión da propiedade transcorrido o prazo regulamentario de cinco anos dende a entrega dos compoñentes hardware.*

*Dereitos da Deputación de Pontevedra:*

*1) Acceder ás instalacións e equipos cando resulte necesario para tarefas de verificación, inspección, avaliación, seguimento ou control, previa comunicación ao Concello, salvo situacións de urxencia.*

*2) Recibir información actualizada do Concello sobre o estado, uso e conservación dos bens instalados, especialmente durante o período de durabilidade FEDER.*

*3) Solicitar ao Concello informes anuais, documentación acreditativa, imaxes, inventarios, fichas técnicas ou calquera outra información precisa para acreditar ante Red.es e ante a Autoridade de Xestión ou Auditoría a permanencia, uso e conservación dos equipos.*

4) *Intervir no procedemento de reposición ou reparación daqueles elementos que resulten danados por causas alleas ás obrigas de garantía, cando afecten ao funcionamento do proxecto ou á súa correcta xustificación.*

5) *Requirir ao Concello o cumprimento das obrigas derivadas da normativa FEDER, da Rede INFO RÍASBAIXAS e do presente convenio, especialmente as relativas á durabilidade, visibilidade e correcta utilización dos bens.*

6) *Facilitar roles de acceso a persoal municipal para facilitar a xestión da oficina e/ou punto de información turística, coma o CMS e o CRM da Rede INFO RÍASBAIXAS.*

7) *Facilitar ao concello instrucións técnicas para o uso dos equipos hardware e software despregados.*

8) *Modificar, actualizar ou mellorar os sistemas e plataformas vinculados ao proxecto Tourist Inside Rías Baixas, sempre que non supoña prexuízo para o Concello e dentro do marco com petencial da Deputación.*

#### **CUARTA - OBRIGAS E DEREITOS DO CONCELLO**

*O Concello de Silleda , como beneficiario da subvención en especie derivada do proxecto Tourist Inside Rías Baixas e como entidade adherida á Rede INFO RÍASBAIXAS, asume as seguintes obrigas e dereitos no marco do presente convenio:*

##### **1. Obrigas do Concello**

###### **1) Obrigas en relación co uso e destino dos bens instalados**

*a. Empregar os bens exclusivamente para a prestación do servizo público de información turística vinculado á Rede INFO RÍASBAIXAS e ao proxecto Tourist Inside Rías Baixas.*

*b. Garantir que non serán destinados a ningún outro uso, proxecto ou dependencia municipal allea ao ámbito turístico sen autorización expresa e previa da Deputación de Pontevedra.*

*c. Manter os equipos no lugar exacto no que foron instalados, salvo autorización expresa da Deputación ou causas de forza maior debidamente xustificadas.*

###### **2) Obrigas en materia de conservación, coidado e mantemento**

*a. Velar pola conservación, limpeza e integridade física de todos os elementos listados no ANEX O I.*

*b. Garantir o subministro eléctrico e a conectividade necesaria para o correcto funcionamento dos equipos.*

*c. Asumir, transcorrido o período de garantía, o mantemento ordinario dos equipos, incluíndo reparacións, reposición de pezas, baterías e consumibles.*

*d. Comunicar de forma inmediata á Deputación calquera incidencia que impida ou dificulte o uso normal dos equipamentos.*

*e. Asumir a reposición dos equipos en caso de roubo, deterioro non cuberto pola garantía, mal uso, negligencia ou causas alleas ao proxecto.*

**3) Obrigas en materia de durabilidade FEDER**

*a. Manter os bens en funcionamento durante un período mínimo de cinco anos desde a súa instalación, en cumprimento do artigo 71 do Regulamento (UE) nº 1303/2013.*

*b. Non adoptar decisións que poidan supoñer unha modificación substancial das condicións de uso, titularidade ou destino que afecten á durabilidade da operación.*

*c. Permitir as inspeccións, verificacións e comprobacións que resulten necesarias para acreditar o cumprimento das obrigas FEDER.*

**4) Obrigas de información, inventario e xustificación**

*a. Elaborar e remitir á Deputación de Pontevedra un informe anual sobre o estado dos equipos, incluíndo inventario actualizado, fotografías, incidencias e estado de conservación.*

*b. facilitar toda a documentación, datos, imaxes, certificacións ou evidencias que a Deputación solicite para a xustificación ante Red.es ou ante a autoridade de xestión dos fondos FEDER.*

*c. Manter actualizado o inventario municipal cos equipos incorporados mediante este convenio.*

**5) Obrigas en materia de visibilidade e comunicación FEDER**

*a. Colocar e manter en perfecto estado os elementos de publicidade obrigatorios (placas, carteis, adhesivos, etc.) subministrados pola Deputación.*

*b. Incluir a mención á cofinanciación FEDER e á participación de Red.es e do Goberno de España en toda acción de comunicación vinculada ao proxecto, seguindo o disposto no ANEXO II.*

*c. Non retirar nin ocultar os elementos de visibilidade durante todo o período de durabilidade.*

**6) Obrigas organizativas e de persoal**

*a. Designar o persoal responsable da oficina/punto de información turística e garantir a súa dispoñibilidade para utilizar correctamente os equipos instalados.*

*b. Facilitar a asistencia do persoal municipal ás accións de capacitación organizadas pola Deputación ou polas entidades colaboradoras.*

*c. Pór a disposición da Deputación as persoas usuarias, responsables e técnicos municipais sempre que sexa preciso para tarefas de verificación, seguimento ou mantemento.*

## *2. Dereitos do Concello*

- 1) Recibir os bens, equipos e solucións tecnolóxicas instaladas, nos termos e condicións recollidos neste convenio e no ANEXO I.*
- 2) Dispoñer dos accesos asignados á Plataforma DTI provincial, aos cadros de mando e ás ferramentas de xestión e análise dos contidos turísticos : CMS e CRM .*
- 3) Solicitar á Deputación información, asesoramento ou apoio técnico en caso de incidencias graves que afecten ao funcionamento dos equipos, dentro das competencias e medios dispoñibles, en cumprimento coa Instrución técnica de incidencias facilitada.*
- 4) ser informado de melloras, actualizacións ou cambios que afecten ao funcionamento da Rede INFO RÍASBAIXAS ou das plataformas tecnolóxicas asociadas ao proxecto.*
- 5) Recibir instrucións técnicas de funcionamento e/ou de uso dos equipos e software despregados.*
- 6) Recibir, transcorrido o prazo de cinco anos desde a súa instalación e cumpridas as obrigas previstas, a transmisión da propiedade dos bens obxecto deste convenio.*

## **QUINTA. - ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES E NATUREZA DA SUBVENCIÓN**

### *5.1 Actuacións subvencionables:*

*As actuacións obxecto deste convenio, xa executadas no Concello de Silleda consisten no subministro, instalación, integración, configuración e posta a disposición dos bens e solucións tecnolóxicas detalladas no ANEXO I – Inventario final de equipos instalados.*

*Estas actuacións forman parte do proxecto Tourist Inside Rías Baixas, aprobado por Red.es e cofinanciado polo Programa Operativo Plurirrexional de España FEDER 2014 -2020, ao abeiro das Bases Reguladoras da Convocatoria para o Plan Nacional de Territorios Inteligentes.*

### *5.2 Natureza da subvención:*

*Os bens instalados no Concello teñen a consideración de subvención en especie, consonte ao artigo 3.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e ao artigo 66 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento.*

*Esta natureza implica que:*

- 1) Os bens foron adquiridos pola Deputación de Pontevedra exclusivamente para seren entregados ao Concello de Silleda como beneficiario final.*
- 2) A entrega realízase mediante este convenio, que serve como instrumento xurídico de formalización da posta a disposición.*

3) Concello adquire a condición de beneficiario da subvención en especie e acepta as obrigas previstas na normativa estatal e europea.

#### 5.3 Custos e financiamento:

O valor económico da subvención en especie, correspondente ao importe dos bens e solucións instaladas, está recollido no ANEXO I, que inclúe:

- identificación dos equipos : serie, marca, modelo
- localización dos equipos
- Data de entrega/instalación: cando comeza a garantía
- valor sen IVE por compoñente

O financiamento das actuacións corresponde ao proxecto Tourist Inside Rías Baixas, cofinanciado por fondos FEDER e polo orzamento da Deputación de Pontevedra, non existindo achega económica por parte do Concello.

#### 5.4 Vinculación á Rede INFO RÍASBAIXAS:

A subvención en especie concédese exclusivamente por estar o Concello adherido á Rede INFO RÍASBAIXAS, consonte á súa Ordenanza Reguladora, e polo cumprimento das funcións propias da rede na prestación do servizo de información turística.

A perda desta condición poderá dar lugar ás consecuencias previstas na normativa aplicable, incluída a posibilidade de resolución do convenio.

#### 5.5 Durabilidade da operación:

O Concello comprométese a garantir a durabilidade dos bens durante un período mínimo de cinco anos desde a súa instalación, de acordo co artigo 71 do Regulamento (UE) nº 1303/2013.

Durante este prazo, o Concello manterá os bens:

- operativos,
- identificados,
- inventariados,
- e destinados ao fin que motivou a súa entrega.

### SEXTA - CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS TÉCNICOS E TRANSMISIÓN DA PROPIEDAD.

#### 1. Propiedade inicial dos bens:

Os bens, equipamentos e solucións tecnolóxicas recollidos no ANEXO I – Inventario final de equipos instalados son propiedade da Deputación de Pontevedra, que os pon a disposición do Concello de Silleda para o cumprimento dos fins vinculados á Rede INFO RÍASBAIXAS e ao proxecto Tourist Inside Rías Baixas.

*A posta a disposición dos bens non supón transferencia da propiedade mentres non transcorran os prazos e se cumpran as condicións establecidas na normativa aplicable (5 anos dende a data de entrega/instalación).*

## *2. Cumprimento dos requisitos técnicos*

*O Concello certifica, mediante a sinatura do presente convenio, que os bens instalados:*

- Corresponden se cos elementos validados na Acta de Replanteo/Acta de Compromiso.*
- Foron instalados e configurados conforme ás especificacións técnicas establecidas pola Deputación de Pontevedra e Red.es.*
- Atenden aos requisitos de seguridade, accesibilidade, interoperabilidade e normalización tecnolóxica establecidos polo Comité Técnico de Normalización 178 de AENOR e pola normativa aplicable aos Destinos Turísticos Intelixentes.*
- Están plenamente operativos e integrados na Plataforma DTI provincial. Correspóndelle ao Concello garantir as condicións necesarias para o correcto funcionamento dos equipos (subministro eléctrico, conectividade, conservación do espazo e demais medios materiais necesarios).*

## *3. Período de garantía*

*Durante o período de garantía establecido na iniciativa Tourist Inside Rías Baixas, a Deputación de Pontevedra, a través da empresa adxudicataria, asumirá:*

- soporte técnico,*
- mantemento correctivo,*
- a reparación ou substitución de compoñentes defectuosos por fallo de orixe,*
- e a supervisión da operatividade dos sistemas integrados.*

*Calquera incidencia deberá ser comunicada de maneira inmediata ao Servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra , segundo a instrución técnica facilitada.*

## *4. Obriga de conservación durante o período de durabilidade FEDER*

*O Concello comprométese a:*

- Manter os bens en funcionamento durante cinco anos desde a súa instalación, de acordo co artigo 71 do Regulamento (UE) nº 1303/2013.*
- Non adoptar decisións que poidan supoñer unha modificación substancial do proxecto (cambio de localización, supresión do servizo, cesión a terceiros ou inutilización).*
- Preservar os bens en estado óptimo de uso e conservación, asumindo os custos de mantemento que procedan tras o período de garantía.*
- Repor, ás súas expensas, os elementos que resulten danados, roubados ou inutilizados por causas non cubertas pola garantía ou por uso indebido.*

## *5. Transmisión da propiedade ao Concello Transcorrido o prazo de cinco anos desde a instalación dos*

*bens, e sempre que o Concello:*

- *cumpra os requisitos de durabilidade FEDER,*
- *manteña o servizo activo na Rede INFO RÍASBAIXAS,*
- *e cumpra coas obrigas derivadas deste convenio,*

*A Deputación de Pontevedra procederá á transmisión definitiva da propiedade dos bens ao Concello de Silleda mediante acordo formal expreso.*

*Dita transmisión comprenderá:*

- *a totalidade dos equipos inventariados no ANEXO I que permanezan operativos,*
- *a correspondencia dos compoñentes asociados e integrados na Plataforma DTI Rías Baixas*
- *e toda a documentación técnica necesaria.*

#### *6. Retirada ou revogación excepcional*

*En caso de:*

- *incumprimento grave e reiterado das obrigas do Concello,*
- *perda da condición de oficina adherida á Rede INFO RÍASBAIXAS,*
- *supresión do servizo,*
- *ou modificación substancial da operación que comprometa a súa durabilidade, a Deputación poderá esixir a devolución dos bens, conforme ao previsto na normativa de subvencións e no artigo 71 do Regulamento (UE) nº 1303/2013.*

#### **SÉTIMA - COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO PRESENTE CONVENIO**

*Créase unha Comisión de Seguimento do presente convenio, que terá como finalidade garantir a correcta interpretación, execución, evolución, control e seguimento das actuacións vinculadas á posta a disposición dos bens instalados no Concello de Silleda , así como asegurar o cumprimento das obrigas derivadas da normativa FEDER e da Rede INFO RÍAS BAIXAS.*

*A Comisión estará composta por:*

*Pola Deputación de Pontevedra:*

- *Unha persoa representante de Presidencia.*
- *Dúas persoas representantes do Servizo de Turismo Rías Baixas.*
- *Unha persoa representante do Servizo de Novas Tecnoloxías.*

*Polo Concello de Silleda:*

- *Dúas persoas representantes designadas polo Concello, preferentemente vinculadas á area de Turismo, á oficina INFO RÍASBAIXAS ou á área TIC municipal.*

*Cada membro poderá ser substituído por outra persoa mediante comunicación previa, permanente ou*

temporal.

A Comisión de Seguimento reunirase:

- En sesión constitutiva no prazo máximo dun mes desde a sinatura do presente convenio.
- Polo menos unha vez ao ano, durante a vixencia do convenio.
- Sempre que calquera das partes solicite unha reunión motivada por cuestións técnicas, organizativas ou vinculadas ao cumprimento FEDER.
- As sesións poderán celebrarse de forma presencial, telemática ou mixta, deixando constancia documentada das reunións mediante acta.

Correspóndenlle á Comisión as seguintes funcións:

1. Supervisar o estado e uso dos bens instalados, conforme ao inventa rio detallado no ANEXO I.
2. Avaliar o cumprimento das obrigas asumidas por ambas partes no presente convenio.
3. Verificar o correcto funcionamento e integración dos equipos co ecosistema tecnolóxico da Plataforma DTI provincial.
4. Supervisar o cumprimento do período de durabilidade FEDER e das medidas de visibilidade obrigatorias.
5. Analizar as incidencias ou dificultades derivadas do uso, conservación, acceso, conectividade ou seguridade dos equipos.
6. Solicitar información, documentación ou evidencias ao Concello para garantir o control e seguimento esixido pola normativa europea.
7. Elaborar, revisar e aprobar unha memoria anual das actuacións, incidencias e estado da dotación.
8. Propoñer melloras, actualizacións ou adaptacións necesarias para unha mellor prestación do servizo turístico.
9. Resolver dúbidas interpretativas do convenio e, no seu caso, propoñer modificacións que melloren a súa execución.
10. Informar, cando proceda, sobre a procedencia de iniciar un procedemento de resolución do convenio por incumprimento das obrigas.

Actas e documentación:

De cada reunión levantarase unha acta, que deberá ser aprobada polos membros presentes. As actas constituirán documentación acreditativa das tarefas de seguimento e poderán ser requiridas pola autoridade de xestión ou control FEDER en procesos de auditoría.

#### OITAVA - PROTECCIÓN E SEGURIDADE DA INFORMACIÓN

O tratamento dos datos persoais e da información derivada do funcionamento dos bens, solucións tecnolóxicas e servizos instalados no marco do presente convenio rexeráse polo disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 (Regulamento Xeral de Protección de Datos), pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, así co mo pola restante normativa nacional e autonómica aplicable nesta materia.

As partes comprométense a aplicar as medidas técnicas e organizativas adecuadas para garantir a

*seguridade da información, entendida como a preservación da súa confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e trazabilidade, especialmente no relativo aos datos e rexistros derivados do uso dos bens, solucións tecnolóxicas e sistemas integrados na Plataforma DTI Rías Baixas e na Rede INFO RÍASBAIXAS.*

*A Deputación de Pontevedra manterá, durante o período de garantía e vixencia deste convenio, os mecanismos de seguridade que resulten necesarios para asegurar o correcto funcionamento dos compoñentes e da plataforma tecnolóxica, incluíndo filtros de acceso, xestión de perfís, rexistros de actividade e protocolos de seguridade da información.*

*O Concello, pola súa parte, comprométese a respectar e cumprir os procedementos e protocolos de acceso establecidos pola Deputación e a garantir un uso axeitado dos datos e sistemas, evitando accesos indebidos, usos non autorizados ou calquera acción que poida comprometer a seguridade da información ou o cumprimento da normativa de protección de datos persoais.*

*As partes obríganse a comunicar reciprocamente, no prazo máis breve posible, calquera incidencia de seguridade, acceso non autorizado, perda ou alteración dos datos ou sistemas vinculados ao proxecto, e a adoptar de inmediato as medidas necesarias para a súa corrección, mitigación ou neutralización.*

#### **NOVENA. - CONSECUENCIAS NO CASO DE INCUMPRIMENTO.**

*No caso de que algunha das partes incumprise as obrigas asumidas no presente convenio, a outra parte poderá dirixir un requirimento formal para que no prazo de dez (10) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da súa notificación, emende ou corrixa as obrigas ou compromisos que se consideren incumplidos, de conformidade co disposto no artigo 73 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

*O requirimento será comunicado igualmente á Comisión de Seguimento, que procederá a analizar as circunstancias concorrentes, o alcance do incumprimento e as actuacións necesarias para a súa corrección, podendo solicitar informes técnicos complementarios cando resulte preciso.*

*Se transcorrido o prazo concedido persistise o incumprimento, a parte requirente notificarallo á outra parte e á Comisión de Seguimento, declarando a concurrencia da causa de resolución. Nese momento, entenderase resolto o convenio, sen prexuízo das actuacións pendentes de liquidación.*

*A Comisión de Seguimento fará constar na acta correspondente o cumprimento ou, se é o caso, o incumprimento das obrigas recíprocas de cada parte, así como o informe técnico que avalie as consecuencias do incumprimento e as medidas que deban adoptarse.*

*A resolución do convenio dará lugar á correspondente liquidación final, na que se determinarán as obrigas pendentes por cada parte e, de ser o caso, as actuacións necesarias para garantir a regularización administrativa e técnica das intervencións realizadas, de acordo co previsto no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.*

*Cando a resolución derive dun incumprimento imputable ao Concello de Silleda, que afecte á durabilidade FEDER, ao destino dos bens ou á súa conservación, o Concello estará obrigado, se así o requirise a*

*Deputación de Pontevedra, a retirar e entregar no prazo que se determine os equipamentos hardware e demais compoñentes que fosen obxecto da subvención en especie, así como a revogar ou desactivar os accesos e perfís asignados á Plataforma DTI Rías Baixas. Todo o anterior enténdese sen prexuízo das responsabilidades que puidesen exixirse en aplicación da normativa de subvencións, da normativa comunitaria FEDER e demais disposicións que resulten de aplicación.*

#### **DÉCIMA - CAUSA DE EXTINCIÓN DEL CONVENIO**

*O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:*

- transcurso do prazo de vixencia establecido na Cláusula Duodécima, unha vez completadas as obrigas de durabilidade, conservación, sinalización e mantemento asociadas ás actuacións cofinanciadas con fondos FEDER.*
- acordo unánime das partes, formalizado por escrito, que deberá incluír, se é o caso, a liquidación correspondente, consonte ao artigo 52 da Lei 40/2015.*
- incumprimento das obrigas ou compromisos asumidos por algunha das partes, cando, logo do requirimento previsto na Cláusula Undécima e transcorrido o prazo outorgado, persista o incumprimento, de forma que resulte incompatible coa correcta continuidade da operación.*
- A decisión xudicial firme que declare a nulidade total ou parcial do convenio, ou que imposibilite a súa continuidade.*
- A perda, por parte do Concello de Silleda, da condición de oficina adherida á Red e INFO RÍAS BAIXAS, requisito esencial que motivou a súa selección como beneficiario das actuacións e que resulta determinante para a correcta integración dos compoñentes na Plataforma DTI Rías Baixas. Nesta circunstancia, e salvo que se adopte outro acordo pola Comisión de Seguimento, poderá procederse á resolución anticipada.*
- A imposibilidade sobrevida de executar ou manter as actuacións en condicións técnicas ou administrativas adecuadas, sempre que non poida ser corrixida por medios razoables e así se recoñeza en acordo motivado da Comisión de Seguimento.*

#### **Efectos da extinción:**

*A resolución ou extinción do convenio dará lugar á correspondente liquidación final, coa finalidade de determinar as obrigas pendentes de cada parte, así como o estado e destino dos bens vinculados á subvención en especie, de conformidade co artigo 52 da Lei 40/2015.*

*Cando a extinción derive dun incumprimento imputable ao Concello de Silleda, que afecte á durabilidade FEDER, ao destino dos bens ou á súa conservación, a Deputación poderá requirir ao Concello a retirada, entrega ou devolución dos equipamentos que fosen obxecto da subvención en especie, nun prazo que establecerá motivadamente, así como a revogación dos accesos e perfís asignados na Plataforma DTI Rías Baixas.*

*A resolución por transcurso do prazo de vixencia non eximirá ao Concello do cumprimento das obrigas pendentes vinculadas á durabilidade da operación ou ao mantemento dos elementos de sinalización FEDER que deban permanecer instalados ata o fin do período regulamentario.*

#### **UNDÉCIMA- INTERPRETACIÓN Y RESOLUCIÓN DE CONFLITOS**

*O presente convenio ten natureza administrativa, consonte ao previsto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As dúbidas ou controversias que puidesen xurdir respecto da súa interpretación, modificación, execución, efectos ou resolución serán analizadas, con carácter previo, pola Comisión de Seguimento, que actuará como órgano de cooperación e de proposta de solucións.*

*De non alcanzarse un acordo no seo da Comisión de Seguimento, ou cando a cuestión exceda das súas competencias, serán competentes para coñecer das controversias que poidan derivarse da interpretación e dos efectos do presente convenio os órganos da xurisdición contencioso -administrativa, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso -Administrativa.*

*Todo iso enténdese sen prexuízo das facultades de fiscalización e control que correspondan ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia sobre os actos derivados da execución deste convenio.*

#### **DÉCIMO SEGUNDA. - MODIFICACIÓN DO CONVENIO**

*As condicións do presente convenio só poderán modificarse por acordo expreso e unánime das partes, formalizado por escrito, e sempre que a modificación non implique unha alteración substancial do seu obxecto nin do réxime de obrigas esenciais asumidas por cada parte. Calquera modificación requirirá informe previo da Comisión de Seguimento, que deberá valorar o seu impacto técnico, administrativo e, de ser o caso, sobre as obrigas de durabilidade FEDER.*

#### **DECIMO TERCEIRA - VIXENCIA DO PRESENTE CONVENIO**

*O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura por ambas as partes e terá unha vixencia de tres (3) anos contados desde que se asine o presente convenio, dado que a instalación e entrega dos equipos incluídos na subvención en especie nas datas que se especifican no ANEXO I – Inventario final, deron lugar ao inicio do prazo de garantía.*

*En todo caso, o prazo de vixencia non poderá superar o necesario para garantir o cumprimento das obrigas de durabilidade FEDER previstas no artigo 71 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.*

*O convenio manterá a súa vixencia ata a finalización daquelas actuacións ou obrigas que, aínda iniciadas dentro do prazo anterior, deban ser completadas ou acreditadas con posterioridade, sempre que tal continuidade non vulnere o disposto no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.*

*Unha vez finalizado o prazo e cumpridas as obrigas derivadas da durabilidade da operación, a Deputación de Pontevedra procederá á transmisión definitiva da propiedade dos bens ao Concello de Silleda, conforme ao previsto na Cláusula Oitava deste convenio.*

*E en proba de conformidade, as partes que interveñen asinan electrónicamente o presente convenio, que adquirirá plena eficacia na data da última sinatura electrónica realizada.”*

**Segundo.**– Aprobar o ANEXO I – Inventario final de equipos instalados no Concello de Silleda, que se incorpora ao presente acordo.

**“ANEXO I: INVENTARIO FINAL DE EQUIPOS INSTALADOS NO CONCELLO DE SILLEDA**

**TOTEM INTERACTIVO**

*Data de entrega do compoñente: 21 de setembro de 2023*

**TIPO NÚMERO DE SERIE MARCA MODELO ELEMENTO LOCALIZACIÓN**

*Tótem exterior E52BE1E1 -1DA3 -4828 -BB21 -DA0E64851BCB OEM VT-0043U dti\_totem\_ext\_silleda  
42°41'48.6"N, 8°14'49.7"W*

*Valor (sen IVE): 3.277, 50 €*

**BEACONS**

*Data de entrega do componente: 08 de marzo de 2024*

**CONCELLO ID COMUNICACIÓN ENERXÍA LOCALIZACIÓN DESCRIPCIÓN DE UBICACION**

*SILLEDA 12aP014g BLE Bateria 42.696270637336795, -8.247523675689642 Praza da Igrexa de Sta. Baia de Silleda - Farola*

*SILLEDA 12aP015f BLE Bateria 42.68334627129860, -8.195522134965430, Ponte Taboada – Farola*

*SILLEDA 12aQ013i BLE Bateria 42.67673706052480, -8.312367899807490 Fervenza da Férveda - panel informativo*

*SILLEDA 12aQ014h BLE Bateria 42.68934896043170, -8.30126455933397 Fervenza de Férveda / Muiño e lavadoiro - farola*

*SILLEDA 12aQ015g BLE Bateria 42.757394056154105, -8.272689910353714 Fervenza do Toxa - miradoiro*

*SILLEDA 12aQ016f BLE Bateria 42.75614940090450, -8.276466460639420 Aparcamento da Fervenza do Toxa - Sinal madeira*

*SILLEDA 12aR011m BLE Bateria 42.752880315949156, -8.30309045933222 Conxunto relixioso de Abades - farola*

*SILLEDA 12aR012k BLE Bateria 42.7548166134648, -8.24770284398689 Ponte do Demo - Panel informativo*

*SILLEDA 12aR013j BLE Bateria 42.75582392065780, -8.246413828457220 Mosteiro de Carboeiro – teito do Panel informativo*

*SILLEDA 12aR014i BLE Bateria 42.69682932805600, -8.25239282367118 Castro de Toiriz - Panel informativo*

*SILLEDA 12aP016e BLE Bateria 42.68698185925640, -8.233178306855670 Carballeira de Trasfontao - Farola*

*SILLEDA 12aQ011k BLE Bateria 42.696845566737856, -8.247157926148116 Quiosco praza – parque Silleda - teito*

*SILLEDA 12aQ012j BLE Bateria 42.701283250019, -8.256846927536820 Núcleo de O Foxo - farola*

*SILLEDA 12aR015h BLE Bateria 42.75688053733600, -8.292381204506050 Mámoa de A Chousa Nova - Panel informativo*

*SILLEDA 12aR016g BLE Bateria 42.6800992050803, -8.243633480067760 Santuario de A Saleta - farola*

*SILLEDA 12aS011n BLE Bateria 42.712133854045724, -8.284351297952263 Muiño de Covián - alero do teito*

*Valor (sen IVE): 633,92 €"*

**Terceiro.-** Facultar á Alcaldesa-Presidenta para a sinatura do convenio.

**Cuarto.-** Notificar o presente acordo á Deputación de Pontevedra para os efectos oportunos.

#### **Expediente 141/2026. Contratacións. REFORMA DA "PRAZA DA IGREXA" DE SILLEDA**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o proxecto redactado polo arquitecto Manuel Abelleira Argibay denominado: REFORMA DE LA "PRAZA DA IGREXA" DE SILLEDA con presuposto base de licitación de 179.627,43€ (IVE INCLUÍDO).

Vista a Resolución de CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SILLEDA, por importe de 192.090,43€, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "REFORMA DE LA "PRAZA DA IGREXA" DE SILLEDA" (EXPTE.2025018958).

Vista a acta de trazado previo que figura no expediente de solicitude da subvención (515/2025)

Visto o informe técnico emitido o 27/03/25, que obra no expediente, relativo ás afeccións sectoriais.

Vista a Autorización sectorial incorporada ao expediente: consta presentada solicitude de autorización e aprobada pola Dirección Xeral de Patrimonio na que se autoriza a actuación de REFORMA DE LA "PRAZA DA IGREXA" de Silleda, de acordo co cumprimento das condicións establecidas na mesma.

Visto o informe positivo de supervisión do proxecto emitido, en data 12/02/2026 que consta no expediente, polo Servizo de asistencia intermunicipal SAIM da Deputación de Pontevedra.

Visto o informe técnico, relativo ao cumprimento do planeamento en vigor, afeccións sectoriais e informe de supervisión.

Visto o informe xurídico, que consta no expediente, asinado 18 de febreiro de 2026.

Visto o informe de intervención, que consta no expediente, asinado o 20 de febreiro de 2026

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas por esta

Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado para contratar a obra de REFORMA DE LA "PRAZA DA IGREXA" en Silleda.

**SEGUNDO.** Autorizar, pola contía de 179.627,43€ (IVE INCLUÍDO) o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo ás aplicacións previstas no estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello prorrogado para o exercicio 2026.

**TERCEIRO.** Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas do contrato de obra de " REFORMA DE LA "PRAZA DA IGREXA" en Silleda por procedemento aberto simplificado.

**CUARTO.** Publicar o anuncio de licitación e os pregos de contratación no Perfil de Contratante do Concello de Silleda, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

#### **EXPEDIENTE 284/2026. DOAZÓN DE OBRAS PICTÓRICAS DE D. JOSÉ ANTONIO FONDEVILA GARCÍA AO CONCELLO DE SILLEDA**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a manifestación expresa de vontade formulada por D. José Antonio Fondevila García, pintor de recoñecida traxectoria artística nacional e internacional, mediante a cal manifesta a súa intención de doar gratuitamente ao Concello de Silleda un total de dez (10) obras pictóricas, pertencentes á súa colección denominada "Marañas".

Resultando que as citadas obras constitúen bens de carácter cultural e artístico de indubidable interese para o patrimonio municipal, contribuíndo ao enriquecemento do patrimonio cultural do Concello de Silleda e á promoción e difusión da arte e da cultura.

Resultando que a doazón ten carácter gratuíto, sen contraprestación económica nin condición onerosa algunha para esta Administración.

Considerando o disposto nos artigos 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e 41 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, que atribúen á Alcaldía a competencia para aceptar doazóns cando non impliquen condicións ou cargas.

Considerando que corresponde ao Concello velar pola conservación, protección e posta en valor do patrimonio cultural municipal.

En virtude do exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas por esta

Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

**Primeiro.** Aceptar a doazón gratuíta formulada por D. José Antonio Fondevila García, consistente en dez (10) obras pictóricas, que pasarán a formar parte do patrimonio municipal do Concello de Silleda, libre de cargas, conforme ao documento de doazón que consta no expediente.

**Segundo.** Incorporar as citadas obras ao Inventario Municipal de Bens, cualificándoas como bens mobles de carácter cultural.

**Terceiro.** Facultar á Alcaldía para a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para formalizar a aceptación da presente doazón.

**Cuarto.** Notificar o presente acordo ao doador para o seu coñecemento e efectos oportunos.

#### **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

#### **C) ROGOS E PREGUNTAS**

Non hai asuntos

#### **DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**